

Contesta às seguintes perguntas sobre o vídeo:

Doraemon: un hotel na Idade da Pedra



1.- Que máquina usa Doraemon para levar os nenos a un descampado?

- a) Unha máquina de sementar.
- b) Unha máquina do tempo.
- c) Unha máquina de teletransporte.
- d) Unha máquina para facerse invisible.

2.- A que época os leva a máquina de Doraemon?

- a) Á época actual.
- b) Á Idade Media.
- c) Á Idade da Pedra.
- d) Á Idade dos Metais.

3.- A que sitio teñen que ir primeiro cando chegan?

- a) Ao descampado onde querían xogar.
- b) Ao cinema a ver unha película.
- c) Ao hotel que parece unha cova.
- d) A ver as casas onde vivían os romanos.

4.- Que atopan ao chegar ao hotel?

- a) Disfraces e ferramentas propias da Idade da Pedra.
- b) Xoguetes de todos os tempos.
- c) Comida para varios días.
- d) Unha cova moi incómoda.

5.- Había dinosauros na Idade da Pedra?

- a) Si, e eran moi perigosos.
- b) Si, pero eran amizosos.
- c) Non, porque extinguíranse hai moito tempo.
- d) Non, porque marcharan para a Idade Media.

6.- O mamut co que se atopan é salvaxe?

- a) Si, e case os come vivos.
- b) Non, era doméstico e pertencía ao hotel.
- c) Non, porque xa non existían mamuts na Idade da Pedra.
- d) Si, pero non les fixo caso ningún.

7.- Que ten de curioso o río polo que van en canoa?

- a) Que é de augas termais.
- b) Que non é de auga, senón de viño.
- c) Que está flotando no ar.
- d) Non ten nada curioso.

8.- Sabe nadar Nobita?

- a) Non, e case afoga no río.
- b) Si, nada coma un peixe.
- c) Non se sabe.
- d) Si, pero con aletas de mergullador.

9.- Que problema tiveron os nenos e Doraemon?

- a) Ningún problema, foi unha aventura moi tranquila.
- b) Que o mamut levounos a un hotel equivocado.
- c) Que un volcán tivo unha erupción, e non podían fuxir.
- d) Que a canoa avaríouse e non sabían arranxala.

10.- Quen era Suneo para os homes primitivos?

- a) Un deus, porque disparaba o flash da cámara.
- b) Un neno, coma os demais.
- c) Un paixocas que non sabía facer nada.
- d) Non había homes primitivos.

11.- Cando Suneo non pode parar a erupción, como se salva?

- a) Non se salva, os primitivos vótano ao volcán.
- b) Sálvase soíño, porque os nenos fuxiran lonxe.
- c) Xigante sálvalo no último momento.
- d) Doraemon axúdao co seu peto máxico.

12.- Cando a lava os arrodea, quen salva os nenos?

- a) O hotel 2, cunha burbulla que flota na lava.
- b) O mamut doméstico do primeiro hotel.
- c) Os pais de Nobita.
- d) Non os salva ningún.

